



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORTIGUEIRA

Secretaría

Bases reguladoras do programa de axudas económicas para a adquisición de agasallos de nadal 2023

ANUNCIO:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA A ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL 2023

Por resolución da Alcaldía número 2023-1132 de data 3 de novembro de 2023 aprobáronse as bases reguladoras do programa de axudas económicas para adquisición de agasallos de nadal 2023, que a continuación se insiren:

“BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONOMICAS PARA ADQUISICION DE AGASALLOS DE NADAL 2023

OBXECTO DO PROGRAMA:

O obxecto do programa é a concesión de axudas económicas a familias con escasos recursos económico destinadas a adquisición de agasallos de Nadal para nenos e nenas menores de 15 anos a 01/01/2024, e no caso de discapacidade recoñecida superior ao 33 % menores de 19 anos a 01/01/2024.

DESTINATARIOS DO PROGRAMA:

Poderán solicitar estas axudas os representantes legais, pai, nai e titor/a dos/as menores que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar empadroado e residir real e efectivamente no Concello de Ortigueira.
- Convivir cos/as menores para os que se solicita a axuda.
- Que a unidade familiar non teña uns ingresos anuais ponderados (resultado de multiplicar os ingresos familiares polo coeficiente de ponderación) de calquera procedencia, (salarios, pensións, desemprego, autónomo...) superiores ao 1,5 do S.M.I. vixente para cada ano (SMI: 1.080 €/mes para o exercicio 2023) (SMI anual 14 pagas: 15.120 €/ano). A estes efectos deduciranse os gastos derivados de aluguer da vivenda habitual da unidade familiar e/ou amortización de créditos de vivenda habitual (compra ou construción) ata un máximo de 2.400 €/anuais.

Número de membros de la unidad familiar	Coefficiente de ponderación a aplicar
2	1
3	1
4	0,95
5	0,90
6	0,85
7	0,80
Mais de 7	0,75

A efectos de baremación económica, considérase unidade familiar a integrada polos proxenitores, os fillo/as ou acollidos menores de idade e os fillos maiores de idade que dependan economicamente dos pais, independentemente do núcleo de convivencia.

En caso de non convivencia dos proxenitores, computarase a pensión alimenticia e/ou compensatoria establecida na correspondente resolución xudicial. No suposto de non ter resolución xudicial deberán de acreditar que iniciaron os trámites xudiciais necesarios para optar á pensión de alimentos ou para o pago da mesma en caso de incumprimento. Se non se presenta a devandita documentación computarase os ingresos do proxenitor non convivinte.

PUBLICIDADE DAS BASES:

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica do Concello de Ortigueira, podendo ser consultadas por calquera persoa interesada.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Os interesados poderán presentar a solicitude no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello, na sede electrónica do Concello de Ortigueira e nas demais formas prevista na lexislación vixente no prazo de **vinte días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

As solicitudes presentadas fora de prazo serán desestimadas.

DOCUMENTACIÓN :

- Fotocopia do DNI/NIE/pasaporte en vigor de cada membro da unidade familiar
- Fotocopia do libro de familia ou documento que acredite o acollemento
- Xustificación documental dos ingresos de cada un dos membros da unidade familiar durante o ano 2023 (Nóminas, Pensións, Prestacións de desemprego, declaracións trimestrais de IRPF para autónomos, etc.ou calquera outro documento xustificativo que se estime oportuno desde os servizos sociais municipais.)
- Xustificante de gastos de aluguer e/ou do importe de amortización do préstamo hipotecario sobre a vivenda habitual da unidade familiar

No caso de que a documentación achegada polos solicitantes non aclare suficientemente a situación económica da unidade familiar, o departamento de servizos sociais poderá solicitar calquera documentación complementaria para a valoración da mesma no prazo de 5 días hábiles. No caso de non aportar a documentación requerida terase por desestimada a súa petición.

CONTÍA DA AXUDA:

A axuda por familia estará en función do número de menores beneficiarios de programa, destinándose como contía individual ata o importe máximo de **60 euros** por menor.

PAGO DA AXUDA:

A axuda farase efectiva mediante entrega ao beneficiario/a dun vale polo importe concedido para a compra por xoguetes, libros, roupa calzado, ou calquera material ou instrumento relacionado coas novas tecnoloxías que se terán que mercar unicamente en comercios do Concello de Ortigueira.

CREDITO ORZAMENTARIO:

O importe total do gasto para as axudas de agasallos de nadal é de **3.000 €**, que se imputará ao crédito do exercicio 2023.

No caso de que o importe total de axudas concedidas supere o máximo previsto no orzamento, veranse reducidas proporcionalmente a fin de poder concedelas a todos os solicitantes que acrediten o cumprimento dos requisitos.

PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN:

O procedemento de tramitación das solicitudes comprenderá as seguintes fases:

- As solicitudes serán presentadas polos solicitantes no rexistro xeral do concello e serán avaliadas polo/a traballador/a social, que emitirá o correspondente informe proposta.
- A vista de dito informe proposta a Alcaldía ditara resolución na que fará constar as solicitudes aprobadas cos importes concedidos e as solicitudes rexeitadas con indicación dos motivos.
- Dita resolución será publicada no Taboleiro de Edictos do Concello e na web municipal. Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen nos artigos 59.6.b e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero con orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite pola persoa interesada na súa solicitude, segundo o disposto no artigo 61 da Lei orgánica 30/1992 mencionada anteriormente, e en cumprimento da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Xunto coa resolución da Alcaldía publicarase a data de entrega dos vales.

No suposto de que a unidade familiar non cumpra os requisitos recollidos nas presentes bases poderán ser beneficiarios aqueles menores nos que se fundamente a súa concesión mediante informe da traballador/a social..

SOLICITUDE PARTICIPACION PROGRAMA DE AXUDAS ECOMOMICAS PARA A ADQUISICIÓN DE AGASALLOS DE NADAL 2023

DATOS DO SOLICITANTE:

APELIDOS E NOME		DNI
DOMICILIO		
TELEFONO	Correo electronico	

COMPOSICION DA UNIDADE FAMILIAR:

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	DATA NACEMENTO
SOLICITANTE		

DATOS DOS MENORES PARA OS QUE SE SOLICITA A XUDA :

NOME E APELIDOS	DATA NACEMENTO

Asinado (o solicitante)

Ortigueira, de de 2023

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA"

O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos

Ortigueira, 8 de novembro de 2023

O alcalde

José Valentin Calvin Fondevila

2023/8894